

## **REGULAMENTO INTERNO DO FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS DE COMEDOR E ALMORZO E ACOLLIDA TEMPERÁ PARA OS CEIP CON DELEGACIÓN EN FAPA OURENSE “AS BURGAS”**

CAPÍTULO I - INTRODUCCIÓN

CAPÍTULO II - OBXECTIVOS

- A. Educación para a saúde
- B. Educación para a convivencia
- C. Educación para o lecer

CAPÍTULO III - NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO

CAPÍTULO IV - NORMAS DE CONVIVENCIA

- A. Hixiene
- B. Organización e comportamento
- C. Alimentación
- D. Tempo libre

CAPÍTULO V - OBRIGAS DOS PAIS, NAIS E TITORES LEGAIS DO ALUMNADO

CAPÍTULO VI - OBRIGAS DO ALUMNADO

CAPÍTULO VII - OBRIGAS DO PERSOAL DO COMEDOR

CAPÍTULO VIII - FALTAS E SANCIÓN

- A. Faltas leves
- B. Faltas graves
- C. Faltas moi graves
- D. Procedemento
- E. Prescrición

CAPÍTULO IX - MODIFICACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO

ANEXOS

- ANEXO I.- Solicitud Praza
- ANEXO II.- Baixa do Servizo
- ANEXO III.- Saída Alumnado Só
- ANEXO IV.- Autorización Recollida
- ANEXO V.- Saída Puntual
- ANEXO VI.- Administración de Medicamentos
- ANEXO VII.- Parte de Incidencias

## **CAPÍTULO I – INTRODUCCIÓN**

O servizo do Comedor escolar xunto co de Almorzo e Acollida Temperá, ademais de contribuír á organización da vida familiar, é un servizo complementario ao educativo e con contido educativo que ofrecen os CEIP e que actualmente xestiona FAPA Ourense.

O Comedor escolar debe proporcionar a consolidación duns hábitos de saúde e hixiene que o alumnado non usuario deste servizo desenvolve no seu contorno familiar. Tamén debe permitir traballar outros valores como son a solidariedade, a cooperación e a tolerancia.

Aínda que no presente regulamento se contempla fundamentalmente o servizo do Comedor, tamén é de aplicación ao servizo de Almorzo e Acollida Temperá, ademais de nos casos en que se cita explicitamente, todo o que lle sexa de aplicación da normativa xeral (funcionamento do servizo, de convivencia, obrigas de pais, nais, e titores legais do alumnado, obrigas do alumnado e do persoal do comedor, proceso de solicitude de prazas, faltas e sancións etc.).

O Comedor escolar deberá cumprir as esixencias establecidas na lexislación vixente en materia de seguridade alimentaria e en concreto as seguintes disposicións de directa aplicación así como as disposicións legais que as complementen ou substitúan.

- Regulamento 852/2004, do 29 de abril de 2004, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á hixiene dos produtos alimenticios.

- Regulamento 853/2004, do 29 de abril de 2004, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal.

- Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas.

- Real decreto 109/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia sanitaria para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Por todo o anterior, fíxanse unha serie de obxectivos e normas que marquen as actuacións de todos os que interveñen no servizo do Comedor, Almorzo e Acollida Temperá. Tamén será aplicable no servizo do Comedor, Almorzo e Acollida Temperá o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27 de xaneiro de 2015) así como o resto de normativa aplicable concordante e supletoria de maior ou menor rango.

## **CAPÍTULO II - OBXECTIVOS**

O servizo do Comedor escolar é unha actividade extraescolar con contido educativo xestionada por FAPA Ourense que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

**A. Educación para a saúde**

1. Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e alimentación saudable como base dunha correcta educación para a saúde.
2. Pór en práctica normas hixiénicas e sanitarias básicas.
3. Iniciarse en gustos variados e na inxestión de todo tipo de alimentos.
4. Manter posturas axeitadas na mesa.
5. Desenvolver hábitos no uso axeitado dos útiles relacionados coa comida.
6. Adquirir e pór en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas na mesa.
7. Interesar as familias nos beneficios que poidan obterse da colaboración conxunta co persoal do Comedor, tanto no relativo á saúde do alumnado como á súa educación nutricional.
8. Concienciar ás familias dos patróns de conduta adquiridos nos Comedores dos CEIP e a importancia de continuar con eles no fogar.

**B. Educación para a convivencia**

1. Adquirir e pór en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas comúns.
2. Espertar no alumnado o espírito de cooperación, implicándoos, segundo as súas posibilidades, nas tarefas de servizo do Comedor.
1. Fomentar o compañeirismo e as actitudes de respecto e tolerancia cara a todos os membros da comunidade educativa dos CEIP.
2. Ser quen de ter un comportamento correcto na mesa.
3. Acadar un ambiente sen moito ruído, evitando berros e dialogando de forma distendida.
4. Coidar e respectar os locais, mobiliario e útiles de uso alimentario.

**C. Educación para o lecer**

1. Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo de lecer.
2. Planificar actividades de lecer e tempo libre que contribúan ao desenvolvemento harmónico da personalidade e ao fomento de hábitos sociais e culturais.

**CAPÍTULO III - NORMAS XERAIS DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR**

1. O Comedor escolar funcionará durante todo o período escolar lectivo. As estratexias de adaptación aos CEIP que se programan para o alumnado de 4º de Infantil ao inicio do curso, esixirán regular o uso do servizo para este alumnado no período sinalado.
2. Todo o alumnado que precise do servizo do Comedor ou do de Almorzo e Acollida Temperá teñen que solicitar reserva de praza mediante o impreso que lles será facilitado desde FAPA Ourense, correctamente cumprimentado antes do 8 de xuño (ANEXO I), ademais de entregar autorización SEPA do banco para que se poida facer o cargo da fianza no mes de xullo e formalizar así a reserva. A fianza será por importe de 85€ para o servizo de comedor, 33€ para o servizo de acollida e 44,50€ para o servizo de acollida con almorzo. Esta fianza constitúese para a confirmación do servizo e será recuperable no momento que se den de baixa do mesmo ou termine o curso escolar, transcurrido o prazo de 60 días. Non se devolverá a fianza no caso de existir impagos.

Os usuarios que solicitaran a beca do concello están eximidos deste cargo ata o momento de concesión ou non da beca. No caso de que non lle sexa concedida terán que facer o ingreso da mesma e entrega o xustificante bancario na FAPA.

3. A Comisión de Comedores, formada polas ANPA con delegación dos servizos de Comedor

e/ou Almorzo e Acollida Temperá, escollerán á empresa concesionaria para o curso vindeiro, entre aquelas que presenten as súas ofertas recollidas nos convenios asinados en cada momento, quedando deste xeito fixada a cantidade que compre pagar para ser usuario do servizo do Comedor e/ou Almorzo e Acollida Temperá.

4. Considérase alumnado eventual aquel que, excepcionalmente, necesiten facer uso dos servizos do Comedor e/ou Almorzo e Acollida Temperá algún día determinado. A prestación destes servizos a este alumnado estará suxeita á dispoñibilidade de prazas. Cada día que desexen usar o servizo Comedor, deberán notificalo chamando ao teléfono da persoa encargada do Comedor antes das 09:30 horas. Para a utilización do servizo de forma eventual e puntual é necesaria a compra do bono correspondente que deberá ser consumido no mesmo día da súa compra e que estará a súa disposición nas dependencias do comedor.
5. O cobro dos servizos mensuais realizarase por adiantado, dentro dos 10 primeiros días do mes (agás setembro), mediante recibo domiciliado enviado pola empresa contra a conta do pai, nai ou titor do alumno/a.
6. En caso de devolucións por falta de fondos ou outra causa, os gastos orixinados serán cargados ao titular da conta, que son de entre 3€ e 6€.
7. A falta de pagamento dos servizos dará lugar á expulsión do alumno/a de o servizo por parte de FAPA OURENSE. O usuario que utilice os servizos por mensualidades, que se pase á modalidade de esporádicos, non poderá acceder ao servizo na anterior modalidade (norma da empresa).

**Pasos a seguir:**

- a) Notificación ao titular da conta de pago da devolución do mesmo (por medio de comunicación telefónica ou a través do responsable do comedor) e obrigaón de realizar o ingreso do mesmo.
  - b) Pasados dous días hábiles sen realizar o devandito ingreso volverase a notificar.
  - c) Pasados 4 días hábiles desde a devolución do recibo sen realizar o ingreso e notificalo á empresa mediante xustificante bancario do mesmo, poñerase en coñecemento tanto ao titular, como ao ANPA do colexio e FAPA Ourense que non poderá facer uso do servizo ata que abone a débeda contraída.
  - d) Unha vez o cliente abone a débeda contraída polo uso do servizo terá dereito a utilizar o mesmo nas mesmas condicións que o viña facendo.
  - e) Unha vez realizados todos estes trámites sen recibir o pago cancelarase a fianza para cubrir o custe
8. Para darse de baixa voluntaria dos servizos de Comedor e/ou Almorzo e Acollida Temperá será necesario facelo mediante un escrito dirixido á persoa encargada do servizo, antes do día 20 do mes anterior ao que se dea de baixa (ANEXO II). De non ser así, deberá aboarse toda a mensalidade. ( De non facer este pago farase uso da fianza, que causará a baixa do servizo)
  9. O horario de Almorzo e Acollida Temperá é de 7:30 a 9:00 horas durante o período lectivo, permanecendo as portas abertas do centro para os/as usuarios/as de dito servizo ata as 8:45 horas.
  10. O horario do Comedor será de 14:00 a 16:00 horas durante os meses de setembro a xuño. Por seguridade do alumnado as portas exteriores de acceso aos CEIP permanecerán pechadas durante este horario. Agora ben, establécense dúas quendas de saída: ás 15:30 e ás 16:00 horas. A falta de puntualidade continuada na recollida do alumnado por parte de pais, nais ou titores legais poderá ser causa de baixa do servizo do Comedor. O alumnado do Segundo e Terceiro ciclo de Primaria poderán saír sos no horario elixido, previa autorización

dos pais, nais ou titores legais, por escrito (ANEXO III). Nin o persoal do Comedor nin as ANPA serán responsables do alumnado unha vez que estes saian dos CEIP. O resto do alumnado deberá ser recollido na porta do Comedor polos pais, nais ou titores legais, ou persoas autorizadas por estes previamente e por escrito (ANEXO IV). No caso de que o alumnado usuario do Comedor vaia a algunha actividade extraescolar realizada dentro dos CEIP, os/as monitores/as das actividades extraescolares serán os/ encargados/as de ir buscalo ao Comedor para levalo ás actividades extraescolares correspondentes, salvo que por causas xustificadas sexa o persoal do Comedor o encargado de deixalo na actividade correspondente. Os horarios de recollida (15:30 e 16:00 horas) deben respectarse para non interferir no correcto desenvolvemento das actividades programadas. Por este motivo, no período de tempo que hai entre eles, non se permitirá a saída dos CEIP a ningún alumno/a, agás por causa xustificada por escrito de autorización (ANEXO V).

11. O alumnado non poderá saír das instalacións dos CEIP durante o período do Comedor (14:00 a 16:00 horas), agás aqueles usuarios que se acollan á quenda de saída das 15:30 horas. Se os seus pais, nais ou titores legais, veñen a recollelos antes de finalizar o mesmo será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido nos CEIP con notificación previa por escrito á persoa encargada do Comedor (ANEXO V) e en todos os casos presentándose persoalmente ou a persoa autorizada a recoller o/a alumno/a e asinando o documento existente no Comedor do CEIP ao respecto.
12. Faltas esporádicas: O alumnado do servizo do Comedor que non vaia empregar este servizo un día determinado tentará comunicar esta situación coa antelación suficiente á responsable do comedor, co único fin de evitar un desperdicio de comida.
13. Saídas escolares: Para os/as usuarios/as do Comedor que participen dunha actividade lectiva fóra dos CEIP, que supoña comer fóra do centro, o servizo de catering preparará un picnic (sempre que esta saída escolar non sexa con anterioridade ás 8:30 horas). A dirección dos CEIP facilitarán ao persoal do servizo do Comedor o plan de saídas fóra do centro escolar para que este lle solicite á empresa concesionaria do servizo do Comedor o cátering de "picnic" correspondente para as datas previstas.
14. O menú será único para todos os comensais. A empresa concesionaria do servizo do Comedor deberá entregar aos pais, nais e titores legais copia do menú mensual, preferentemente na última semana do mes anterior, e comunicar os cambios que se produzan no menú mensual proposto. Establécense as seguintes excepcións:
  - a) **Dietas brandas:** Para alumnado con problemas gastrointestinais transitorios, baixo prescrición médica e avisando antes das 10:00 horas á persoa encargada do Comedor.
  - b) **Alumnado alérxico** a alimentos ou que padezan calquera enfermidade ou trastorno somático que precise dunha alimentación específica. Presentando un certificado médico autorízase a este alumnado alérxico a utilizar o servizo do Comedor nos termos dispostos pola normativa anteriormente citada. Non obstante, o alumnado con alerxias moi localizadas poderán facer uso ordinario do Comedor, consumindo o menú establecido para todos os comensais, agás os días nos que o menú inclúa algún dos compoñentes ao que son alérxicos, en cuxo caso tomarán un menú alternativo.
  - c) Autorízase a facer uso ordinario do Comedor, nas mesmas condicións que o alumnado con alerxias ou intolerancias, aos alumnos/as que por motivos relixiosos teñan prohibidos certos alimentos (musulmáns, indús, etc.).
15. Non se administrarán medicamentos durante o servizo do Comedor. Os pais, nais e titores legais teñen que regular as tomas dos medicamentos para que non coincidan co horario escolar. En casos excepcionais, deberán entregar o Informe Médico no que conste que é imprescindible que sexa administrado nese período de tempo e asinar o impreso de administración de medicamentos que se lle facilitará (ANEXO VI), eximindo de toda

- responsabilidade ao persoal do Comedor.
16. Todos os/as usuarios/as do servizo do Comedor e Almorzo levarán unha bolsa de aseo, na que depositarán os útiles para o cepillado e hixiene dos dentes. O alumnado de Educación Infantil deberá traer un mandilón ou similar para protexer a roupa. O persoal do Comedor axudará aos nenos/as do primeiro curso de Infantil a pór o mandilón mentres que estes non sexan capaces de facelo por si mesmos, favorecendo en todo caso o aumento de autonomía progresivo do/a neno/a.
  17. Todo o alumnado debe respectar as normas de funcionamento e de convivencia do Comedor dos CEIP: aseo, entrada ao Comedor, conduta e hábitos de comida etc.
  18. Baixa por sanción. O incumprimento por parte do alumnado das normas de funcionamento e de convivencia dos Comedores dos CEIP, así como o non pagamento das mensualidades, pode chegar a supor a baixa nos servizos de forma temporal ou definitiva.
  19. Para calquera tema relacionado cos servizos, os/as usuarios/as deberán dirixirse á ANPA a través das canles establecidas para os efectos.
  20. Poderá facer uso do servizo do Comedor, calquera membro da comunidade Educativa que o solicite (excluídos pais, nais ou titores legais), sempre que existan prazas e aboem o importe da súa comida. A atención aos nenos/as usuarios/as será sempre prioritaria fronte á doutros/as usuarios/as. A persoa que aproveite esta posibilidade non entorpecerá o normal funcionamento do servizo do Comedor, atendendo as indicacións do persoal do Comedor e seguindo as normas xerais do presente regulamento.
  21. Todos os pais, nais ou titores legais que teñan un usuario no servizo de comedor, poderán facer uso do devandito servizo de forma excepcional e gratuíta, unha vez rematado o servizo e previa comunicación á encargada da empresa de catering con dous días de antelación.
  22. Ningunha persoa fóra das contratadas pola empresa concesionaria dos servizos realizará funcións que impliquen a manipulación de alimentos e a atención directa ao alumnado, agás o persoal asistente para o alumnado con necesidades especiais.

## **CAPÍTULO IV - NORMAS DE CONVIVENCIA**

### **A. Hixiene**

1. Todo o alumnado, incluído o de Educación Infantil, deberá ter unhas habilidades mínimas á hora de xantar, facer uso dos servizos e lavar as mans. O persoal do Comedor, dentro dos obxectivos educativos do mesmo, favorecerá o aumento da dita autonomía durante o curso escolar.
2. Todo o alumnado de Primaria pasará polos servizos asignados para facer as súas necesidades e lavar as mans **antes de acudir ao Comedor**. O alumnado de Infantil poderá traer as mans lavadas das aulas, onde será recollido polo persoal do Comedor. Durante o xantar non poderán ir ao servizo, a non ser e en casos puntuais o alumnado de Infantil ou calquera usuario do Comedor por indisposición, enfermidade ou necesidade urxente e sempre con permiso do persoal do Comedor.
3. Dentro do Comedor o alumnado non poderá ter obxectos de uso persoal con eles, deixando as carteiras, libros, dispositivos electrónicos, xoguetes, abrigos e outros efectos no lugar destinado a tal fin.
4. Porase especial coidado na correcta utilización dos cubertos, así como no uso do pano de mesa.
5. Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin a outros/as alumnos/as.

6. Despois de xantar, e antes de ir aos lugares asignados para o lecer, todo o alumnado deberá pasar polo servizo para asearse e lavar os dentes; no caso dos de Educación Infantil acompañados polo persoal do Comedor.

#### **B. Organización e comportamento**

1. Á hora da saída da xornada lectiva, o alumnado de Educación Infantil será recollido nas súas aulas de referencia entre as 13:50 e as 13:55 horas polo persoal do Comedor, organizándoos en fila para entrar no Comedor. O alumnado de Educación Primaria seguirá as indicacións do profesorado para acudir ao Comedor. Posteriormente irán ao servizo para lavar as mans e pasarán ao Comedor. Estas accións realizaranse por orde, en fila e calados, baixo a supervisión do persoal do Comedor.
2. A entrada ao Comedor farase por grupos e en fila, con orde e tranquilidade.
3. O alumnado sentarase nos lugares que lles sexan asignados, seguindo unha orde de idade aproximada, podendo ser cambiados a criterio do persoal do Comedor por causas xustificadas.
4. Deberase respectar todo o material e utensilios, sendo o alumnado responsable do seu deterioro por mal uso.
5. O alumnado deberá permanecer correctamente sentado en todo momento, sen xogar nin balancearse nas cadeiras nin moverse do seu sitio. Non poderán levantarse. Para dirixirse ao persoal do Comedor, o alumnado deberá facelo levantando a man ata ser atendidos e sempre de forma educada.
6. O alumnado falará nun ton de voz adecuado.
7. O alumnado está obrigado a respectar a todo o persoal do Comedor nos mesmos termos que ao profesorado dos CEIP: deben obedecelos e seguir as súas indicacións. O dito persoal do Comedor terá durante o servizo do Comedor condición de autoridade.
8. Ao remataren de xantar o alumnado agardará tranquilamente a que se lles indique o momento da saída, o cal se fará segundo as indicacións do persoal do Comedor.

#### **C. Alimentación**

1. O alumnado deberá adaptarse ao menú establecido. Ten que xantar de todo o que se serve, aínda que só sexa un pouco, fomentado polos/as monitores/as. O alumnado poderá repetir algún dos pratos do menú sempre que teñan probado ou comido cantidade suficiente dos demais pratos, segundo criterio persoal do Comedor.

#### **D. Tempo libre**

1. O alumnado será levado ao patio ou a unha dependencia asignada en función da climatoloxía, baixo a supervisión do persoal do Comedor.
2. Non se permite a práctica de xogos perigosos.

### **CAPÍTULO V - OBRIGAS DOS PAIS, NAIS E TITORES LEGAIS DO ALUMNADO**

Os pais, nais e titores legais do alumnado que se acolla ao servizo do Comedor, Almorzo e/ou Acollida Temperá:

1. Comprométense a pagar nos prazos establecidos po la empresa concesionaria do servizo do Comedor as dez cotas estipuladas (de setembro a xuño incluídos) **xa que a cota mensual está repartida de maneira proporcional ao número de días de lectivos (175) en dez mensualidades.** O non cumprimento desta obriga de pago determinará, previa comunicación



por parte de FAPA OURENSE, a perda do dereito ao uso do Comedor. So prevé a excepción: usuarios/as de 4º de Educación Infantil debido ao proceso de adaptación e o caso de novas incorporacións aos CEIP con posterioridade ao inicio do curso académico, ou familias en situación de emerxencia social ou vítimas de malos tratos por quen responda algunha entidade pública ou privada. Os/as usuarios/as do Comedor socios/as pagarán unha cota mensual inferior a dos/as usuarios/as non socios/as, diferenza que se estipulará e comunicará ao inicio do curso escolar.

2. Deberán recoller o alumnado á saída do Comedor cun tope máximo das **16:00** horas, tempo no que finaliza o horario laboral do persoal do Comedor. O non cumprimento desta obriga sen causa xustificada determinará, previa comunicación telefónica por tres veces e unha por escrito, que a xunta directiva das ANPA poñan este feito en coñecemento da dirección dos CEIP por se é un feito irregular ou de abandono, para adoptar as medidas que legalmente resulten procedentes. O dito incumprimento poderá ser tamén motivo de expulsión temporal, ou en caso de reincidencia, definitiva como usuario do comedor.
3. Non poderán recoller ao alumnado fóra dos horarios de saída establecidos: 15:30 e 16:00 horas. Si o fixeran, faranse responsables e deberán de cubrir o xustificante de recollida (ANEXO IV).
4. Respetarán e aceptarán o presente regulamento. De non ser así será causa de baixa do servizo do Comedor.
5. Se algún pai, nai ou titores legais delegara noutra persoa para recoller ao seu fillo/a, deberá comunicalo previamente ao persoal do Comedor por escrito (ANEXO IV).
6. Os pais, nais e titores legais terán que ter cumprimentada e asinada antes de finais de maio a solicitude cara ao curso seguinte, así como unha autorización de domiciliación dos pagos. De non telo feito considerarase que non opta a praza nos distintos servizos, carecendo dela no mes de setembro

## **CAPÍTULO VI OBRIGAS DO ALUMNADO**

Son obrigas do alumnado:

1. Seguir sempre as indicacións do persoal do Comedor, que son os que ostentan a condición de autoridade durante o tempo que dura o Comedor.
2. Tratar co debido respecto a todo o persoal do Comedor.
3. Tratar co debido respecto a todos/as os/as compañeiros/as.
4. Lavar as mans antes e despois de xantar.
5. Falar en un ton axeitado na sala do Comedor, co fin de non molestar aos demais.
6. Manter unha compostura axeitada: non pór os cóbados na mesa, non falar coa boca chea etc.
7. Non manipular os alimentos coas mans agás excepcións (pan, pizza, empanada e semellantes).
8. Non tirar nada ao chan. O Comedor debe manterse limpo.
9. Utilizar correctamente os utensilios: non xogar con eles, non empuñar nin xesticular con eles, non facer ruído golpeando os pratos, vasos ou a mesa; non levar o coitelo á boca.
10. Colocar, ao rematar de xantar, ordenadamente os cubertos no prato.
11. Recoller as sobras de comida no prato; nunca deben quedar por riba da mesa.
12. Non xogar na sala do Comedor.
13. Rematar o xantar na sala do Comedor, nunca nos espazos de tempo de descanso ou lecer.
14. Non se levantar da mesa ata que todos rematen ou ata que llo indique o persoal do Comedor.
15. Ao rematar o xantar, e despois de lavaren os dentes, o alumnado será acompañado polo

persoal do Comedor que lle indicarán os espazos indicados para descanso ou lecer.

16. Coidar o material e as dependencias dos CEIP.
17. Respetar os demais útiles dos/as usuarios/as do Comedor.

## **CAPÍTULO VII - OBRIGAS DO PERSOAL ENCARGADO DOS SERVIZOS**

1. O persoal do servizo do Comedor, Almorzo e/ou Acollida Temperá deberá reunir os requisitos e titulación esixidos pola normativa vixente.
2. O persoal dos diferentes servizos, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, realizará as seguintes funcións:
  - a) Cumprir co labor do coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de acordo co programa anual do servizo do Comedor.
  - b) Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación do enxoval do Comedor.
  - c) Axudar ao alumnado que por idade necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.
  - d) Informar ao responsable de comedores de FAPA Ourense e ao equipo directivo das ANPA, no modelo impreso que este lle facilitará (ANEXO VII), de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento dos servizos, para que o podan poñer en coñecemento das familias.
  - e) A non comunicación rápida e fidedigna das ditas incidencias poderá ser motivo de queixa á empresa concesionaria do servizo de Comedor, Almorzo e/ou Acollida Temperá e no caso de reincidencia nos feitos, de solicitude por parte da ANPA para que substitúa ao dito membro do persoal.
  - f) Atender o alumnado nos períodos de antes e despois de xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo as orientacións do encargado do servizo do Comedor.
3. Será o responsable dos/as usuarios/as durante o horario do servizo do Comedor, vixiándoos e coidándoos ata que sexan recollidos polos pais, nais, titores legais, persoas autorizadas por estes ou monitores/as de actividades extraescolares.
4. Establecerá as pautas de actuación dos/as usuarios/as, educándoos nas normas básicas de comportamento na mesa.
5. Marcará as directrices de utilización dos espazos que se ocuparán durante as actividades lúdicas.
6. Velará para que o recinto dos CEIP permaneza pechado, salvo nos horarios de saída.
7. Terá especial coidado para detectar as posibles alerxias que poidan presentar os/as usuarios/as e cando se detecte algunha comunicarse de forma inmediata á persoa responsable da empresa concesionaria do servizo do Comedor, aos pais, nais ou titores legais. Así mesmo controlará que o alumnado con alerxias declaradas comen os menús alternativos.
8. Asistirá e acompañará aos usuarios/as enfermos/as ou accidentados/as. Se algún/ha usuario/a do servizo de Almorzo e Acollida Temperá ou Comedor sufrise un accidente ou enfermidade, chamará por teléfono ao pai, nai ou titores legais. Se o/a usuario/a requirise atención médica cubrirá o correspondente parte de incidencias (ANEXO VII), e de ser necesario establecerá a evacuación ao centro sanitario de urxencias que corresponda, permanecendo co/a neno/a ata que a familia se faga cargo do menor. Dita enfermidade e/ou accidente comunicarse á dirección do CEIP.
9. Conforme se establece no Capítulo IX, o persoal do Comedor sancionará as faltas leves, no momento en que acontezan, con apercibimento ao alumnado de forma privada. As faltas

- graves serán sancionadas pola persoa encargada do Comedor.
10. Baixo ningún concepto e por ningún motivo aplicará castigos físicos nin ningún outro que supoña vexación moral ou discriminación do/a usuario/a. En ningún caso como castigo, se privará a inxestión da súa ración de comida que sexa establecida no menú. As medidas disciplinarias adoptaranse do xeito máis individualizado posible.
  11. Comunicará por escrito ao responsable de comedores de FAPA Ourense e á xunta directiva da ANPA as faltas graves e moi graves que se produzan. Esta comunicación será realizada mediante o oportuno parte de incidencias (ANEXO VI), sendo entregado coa maior das celeridades.
  12. Tratará co debido respecto a todos os pais, nais e titores legais dos/as usuarios/as dos servizos Almorzo, Acollida Temperá ou Comedor e por extensión a todas as persoas (monitores extraescolares, servizo limpeza etc.) así como atender debidamente ás súas preguntas, inquedanzas, queixas.
  13. Tamén será competencia do persoal do Comedor as funcións acordadas no contrato da FAPA Ourense coa empresa concesionaria do servizo.
  14. Vixiará en todo momento que se cumpra o establecido neste regulamento.
  15. O persoal do servizo do Comedor virá determinado en función do total de alumnos/as segundo a ratio da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo do Comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. (DOG, 5 de marzo de 2007), ou disposición legal que a complementa ou substitúa.
  16. Será competencia e obriga dos/as encargados/as de pasar listaxe unha vez a semana e cumprimentar tódolos documentos requeridos pola Federación tal e como figura no contrato da FAPA coa empresa concesionaria do servizo.

## **CAPÍTULO IX - FALTAS E SANCIÓN**

### **A. Faltas leves**

#### **Considéranse faltas leves:**

1. Desobedecer levemente as indicacións do persoal do Comedor.
2. Entrar ou saír do Comedor sen seguir as indicacións do persoal do comedor.
3. Entrar no Comedor con obxectos non permitidos: xoguetes, libros etc.
4. Permanecer mal sentados ou bambearse na cadeira de forma reiterada.
5. Facer ruído ou berrar de forma reiterada.
6. Levantarse do sitio sen causa xustificada.
7. Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, a integridade ou á saúde das persoas.

#### **Sancións:**

1. Recibir un trato individualizado no que se inclúa o diálogo para a corrección do seu comportamento.
2. Amoestar de xeito verbal ao alumnado. En caso de reiteración, comunicación aos pais, nais ou titores legais para programar medidas que faciliten integrar o alumnado ao Comedor.
3. Separar temporalmente o alumnado do grupo de referencia (ou de mesa de Comedor) e integración noutro.
4. Perder o dereito de participar en xogos ou actividades de lecer.
5. Estas sancións serán impostas polo persoal do Comedor. O persoal do Comedor terá unha marxe de discreción para considerar se algúns dos comportamentos máis leves relacionados no apartado 1 deben ser considerados en cada caso concreto, atendendo a voluntariedade e

gravidade do mesmo, como falta e dignos de sanción.

## **B. Faltas graves**

### **Considéranse faltas graves:**

1. Reiteración de faltas leves (4 consecutivas ou 6 alternas).
2. Desobediencia grave das indicacións do persoal do Comedor.
3. Saír das instalacións do Comedor sen permiso do persoal do Comedor.
4. Deteriorar a propósito o material propio do Comedor.
5. Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros compañeiros.
6. Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, a integridade ou a saúde das persoas.

### **Sancións:**

Calquera das recollidas para as faltas leves, ademais de:

1. Amoestar por escrito ao alumnado. Comunicación aos pais, nais ou titores legais.
2. Comer illado dos/as compañeiros/as durante uns días. A persoa encargada do Comedor imporá as sancións por faltas graves previa comunicación aos pais, nais e titores legais, ao responsable de comedores de FAPA Ourense, a xunta directiva da ANPA e á dirección e ao Observatorio de convivencia do CEIP.

## **C. Faltas moi graves**

### **Considéranse faltas moi graves:**

1. Reiteración nun trimestre de seis faltas graves.
2. Agredir de forma intencionada a compañeiros/as ou persoal do comedor.
3. Saír dos CEIP sen permiso durante o horario do Comedor.
4. Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas. Para a definición deste tipo de condutas terase en conta o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27 de xaneiro de 2015) así como o resto de normativa aplicable concordante e supletoria de maior ou menor rango.

### **Sancións:**

Calquera das recollidas para as faltas leves e graves, ademais de:

1. Expulsión temporal do Comedor.
2. Expulsión definitiva do Comedor.

Nas faltas moi graves as sancións previstas para as faltas leves e graves poderán ser impostas pola xunta directiva da ANPA e da FAPA Ourense (Comisión de Comedores) e serán comunicadas aos pais, nais ou titores legais e mais a dirección e ao Observatorio de convivencia do CEIP. Para o caso da expulsión temporal/definitiva do Comedor artéllase un procedemento establecido no seguinte apartado.

## **D. Procedemento**

Todas as faltas graves e moi graves serán recollidas nun parte de amoestación individual para cada alumno ou alumna segundo un modelo elaborado pola ANPA (ANEXO VII). Estes partes de amoestación, redactados polo persoal do Comedor e supervisados pola persoa encargada do Comedor, serán entregados semanalmente (as graves) e diariamente (as moi graves) a un membro da xunta directiva da ANPA. Para o caso de expulsión temporal ou definitiva do Comedor, a proposta será acordada por maioría da xunta directiva da ANPA e da FAPA (Comisión de Comedores) en colaboración cunha persoa representante da empresa concesionaria do servizo do Comedor inmediatamente despois de seren oídos o/a propio/a alumno/a, as nais, pais ou titores legais do

alumnado así como o persoal do Comedor que redactou os partes de amoestación. Unha vez acordada a proposta e elaborado o correspondente informe que recolla os feitos, partes de amoestación e decisión adoptada, comunicarase á dirección do CEIP para que se inicie o oportuno expediente disciplinario polos ditos feitos e se adopte a resolución de expulsión oportuna.

Para a regulación das sancións e procedemento e no que non sexa incompatible será de aplicación o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG, 27 de xaneiro de 2015) así como o resto de normativa aplicable concordante e supletoria de maior ou menor rango.

#### **E. Prescrición**

A prescrición das faltas leves producirase nunha semana, as graves ao mes e as moi graves ao trimestre excepto casos de expulsión definitiva dalgún dos servizos.

### **CAPÍTULO X - MODIFICACIÓN DO PRESENTE REGULAMENTO**

As modificacións do presente regulamento levaranse ra cabo na Comisión de Comedores. Tal Comisión poderá reunirse por petición da xunta directiva da FAPA ou por petición por escrito de alo menos un tercio das ANPA representadas na devandita Comisión. As modificacións do regulamento aprobaranse por maioría simple das ANPA presentes. Tanto para a convocatoria como para a modificación contarase un voto por ANPA.